

**CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN PROFESIONAL DE GALICIA 2019**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22 de outubro ata o 31 de decembro de 2019. A relación de clubs é a seguinte:

Obradoiro Club Amigos Baloncesto, S.A.D.

Club Baloncesto Breogán SAD

Real Club Celta de Vigo, S.A.D.

Club Deportivo Lugo, S.A.D.

Real Club Deportivo de La Coruña, SAD

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego e Secretaría Xeral da Igualdade así como a colaboración das partes para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero marcando como obxectivos a prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2019.

Este patrocinio desenvolveuse conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019, cuxo obxecto principal é a prevención e sensibilización fronte a violencia de

xénero, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías profesionais estatais absolutas. En diante, o Plan.

- III. As Entidades conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. O 22 de marzo de 2019 asinouse o acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Secretaría Xeral para o Deporte, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En dito acordo a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade acordaron o desenvolvemento de campañas específicas contra a violencia de xénero en espazos deportivos, que deben ser desenvoltas pola Fundación Deporte Galego. A estes efectos, tendo en conta que no Plan de Patrocinio dos Equipos de alta competición de Galicia non se inclúen os equipos de alta competición deportiva profesionais, e tendo en conta tamén o impacto destes clubs nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, e, en particular, respecto dos nenas e nenos, adolescentes e mocidade, que son destinatarios principais das medidas do Pacto de estado contra a violencia de xénero, a Fundación Deporte Galego co apoio da Secretaría Xeral para a Igualdade pon en marcha o Plan de Patrocinio dos Equipos de alta competición deportiva profesional de Galicia.
- V. Este patrocinio supón a consideración da SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA como patrocinador oficial do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor da SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.
- VI. O Plan estrutúrase nunha única liña de patrocinio con cargo á liña específica Deporte Galego e Secretaría Xeral da Igualdade.
- VII. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- VIII. Conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéronse plena capacidade e conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non poideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímose xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.